

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	Bueu	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	6
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	10
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	12
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	14
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	16
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	16
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	17
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	18
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	18
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	22
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	22
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	23
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	23

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

ED. INFANTIL:

- a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e. Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h. Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

AREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

- Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.
- Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.
- Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.
- Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

AREA DE CRECEMENTO EN HARMONÍA

- Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.
- Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.
- Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos

AREA DESCUBRIMIENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

-Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial e o manexo de ferramentas sinxelas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo desenvolvendo as destrezas lóxico-matemáticas.

-Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.

- Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.

-Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

AREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

- Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan o neno desenvolver os valores e actitudes básicas do respecto, confianza, lelicia e admiración.

- Expresar e celebrar as tradicións festas e aniversarios mais importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder e a oracións, cantos e sentido das festas relixiosas.

-Favorecer a realización de actividade que promoven a participación a cooperación e a xenerosidade.

ED. PRIMARIA:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática tendo como referencia os valores evanxélicos e vicencianos do carácter propio de centro.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, desenvolver hábitos de lectura e valorar a relevancia cultural da lingua galega na nosa cultura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais e os elementos naturais máis próximos ao ser humano e propios da nosa contorna e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e capacitistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Sinalamos nesta etapa os seguintes obxectivos relacionados coa confesionalidade católica do centro e o carácter propio dos centros da Fundación Educere.

ñ) Coñecer o carisma vicenciano, especialmente os valores referidos ao compromiso pola xustiza e cos máis necesitados.

o) Valorar o proxecto de vida de Xesús como un proxecto atractivo, posible e alternativo, que posibilita o desenvolvemento integral da persoa, fundamenta a súa dignidade, provoca procesos de búsqueda de sentido e fai felices as persoas.

p) Desenvolver a sensación de pertenza a unha comunidade educativa na que todas as persoas integrantes son necesarias.

q) Fomentar a implicación e a colaboración das familias no proceso educativo tanto no ámbito social como no académico.

ED. SECUNDARIA:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa

persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias

ED. INFANTIL:

CCL - Competencia en comunicación lingüística

Potenciar intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo.

Favorecer a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais.

Potenciar a oralidade para ter un papel destacado nesta etapa para favorecer un primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das ladaíñas, das adiviñas e dos contos.

CP - Competencia plurilingüe

Iniciar o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural-

Promóver o diálogo e a convivencia democrática.

STEM - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería

Iniciar nas destrezas lóxico-matemáticas e dar os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.

Favorecer un entorno para observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima respetando os ritmos individuais de aprendizaxe.

Iniciar o aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables.

CD - Competencia dixital

Iniciar o proceso de alfabetización dixital para á comunicación a través de medios dixitais.

Fomentar o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais

Integrar as ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a com prensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.

CPSAA - Competencia persoal, social e de aprender a aprender

Recoñecer na ex presión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de acti- tudes de comprensión e empatía.

Descubrir unha contorna diferente á familiar e experimentar a satisfacción de aprender en sociedade cooperando con elas de forma constructiva.

Adquirir recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía-

Iniciar na resolución dos conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

CC - Competencia cidadá

Favorecer a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

Identificar de feitos sociais relativos á propia iden- tidade e cultura.

Fomentar un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais.

Promover a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás.

Crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, e previr condutas discriminatorias de calquera tipo.

CE - Competencia emprendedora

Estimular a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe.

Potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas.

Fomentar o pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas, a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

CCEC - Competencia en conciencia e expresión culturais

Construir e enriquecer a súa identidade.

Fomentar a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas

artísticas.

Desenvolver a conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

ED. PRIMARIA:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Fomentar a interacción de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Promover a comprensión, interpretación e valoración crítica de todo tipo de mensaxes, aprendendo a apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Ofrecer contextos e ferramentas para adquirir e manter destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais respectando a nosa diversidade lingüística e cultural.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).

Facilitar o uso de métodos científicos, de pensamento e representación matemáticos, de tecnoloxía e os métodos da inxenería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sostible.

d) Competencia dixital (CD).

Potenciar a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais, a seguridade, asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Promover o autoconhecimento, o autocoidado, a aceptación e o crecemento persoal constante. Favorecer a colaboración con outros de forma construtiva e empática e o desenvolvemento da resiliencia e estratexias para abordar os conflitos.

f) Competencia cidadá (CC).

Impulsar a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable expostos na Axenda 2030.

g) Competencia emprendedora (CE)

Achegar estratexias que permitan adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Favorecer a comprensión e o respecto das ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións que se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

ED. SECUNDARIA:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritos, signados ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

b) Competencia plurilingüe (CP).

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social. A competencia en tecnoloxía e enxeñería comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

d) Competencia dixital (CD).

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconocerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

f) Competencia cidadá (CC).

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores

propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable expostos na Axenda 2030.

g) Competencia emprendedora (CE).

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

ED. INFANTIL:

- Educación para a saúde:

Fomentar nos nenos/as a adquisición de hábitos de saúde.

Incentivar o consumo de alimentos sans, rexeitando o consumo abusivo de aqueles que non o son.

Establecer normas de aseo persoal.

Informar para a prevención de situacións de perigo.

- Educación sexual:

Coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade educando aspectos afectivos, emocionais e sociais.

Potenciar el diálogo para convivencia en paz.

Fomentar unha adecuada autoestima.

- Educación viaria:

Iniciar ó alumnado no coñecemento dunhas normas establecidas, fundamentais para a súa futura participación no ambiente urbano como peóns, viaxeiros ou usuarios de vehículos

Enseñar o significado das principais sinais de tráfico.

Informar das normas sobre o uso dos transportes.

- Educación Ambiental:

Aprender a valorar a importancia que ten para a vida das persoas e para desenvolver actitudes de respecto e coidado cara el.

Fomentar de forma responsable os recursos naturais.

Observar as repercusións da acción humana sobre o medio natural, entre outros.

- Educación do consumidor:

Adquirir unha actitude crítica e responsable cara ó consumo.

Fomentar o coidado dos materiais individuais e comúns procurando un máximo aproveitamento do material escolar

Concienciar o reciclaxe e a reutilización de distintos materiais de refugallo.

Fomentar o consumo de alimentos sans.

- Educación moral cívica e para a paz:

Iniciar ó alumnado na participación na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable.

Fomentar as normas de convivencia que rexen na vida na aula, creando un clima de confianza, responsabilizándoos no coidado dos materias e os espazos comuns.

Desenvolver actitudes de bo cidadá resolvendo situacións conflitivas a través do dialogo.

Promover actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta.

- Educación para a igualdade de sexos:

Formar ó alumnado como persoas que son, en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas

Presentar unha distribución equitativa de personaxes masculinos e femininos

- Educación para o lecer e o tempo libre:

Utilizar persoal e socialmente o tempo do lecer de forma creativa, atendendo a conseguir mellores niveis de benestar social

Potenciar a actividade lúdica e as posibilidades de descubrir e experimentar.

ED. PRIMARIA:

- Traballar en todas as áreas a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital dacordo co Plan Lector do Centro. Fomentar a creatividade, o espírito científico e o emprendemento.

- Promover a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual e diversidade funcional.

- Fomentar a atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores implicando a toda a comunidade educativa.

- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social facendo un especial fincapé na prevención do acoso escolar no cumprimento das NOFC e convivencia

e de calquera tipo de violencia.

- Evitar os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual, tendo en conta os protocolos correspondentes.
- Fomentar as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

ED. SECUNDARIA:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

ED. INFANTIL:

Os principios metodolóxicos están ligados cos tres principios de intervención educativa seguintes:

- Principio de consistencia evolutiva
- Principio de aprendizaxe significativa
- Principio de actividade autoestructurante

Unha aprendizaxe prodúcese cando un/unha neno/a establece relacións entre a experiencia previa e a nova información, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecemento preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía baseada no principio de aprendizaxe significativa que parta dos coñecementos previos dos nenos/as, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e propoñendo actividades que resulten atractivas.

Para poder conseguir que as aprendizaxes adquiridas sexan significativas e que sexan o resultado do establecemento de múltiples conexións, entre o novo e o xa aprendido, é imprescindible unha metodoloxía concebida baixo unha perspectiva globalizadora. Cando os nenos/as destas idades realizan calquera actividade, implícanse totalmente nela e poñen en xogo mecanismos diversos: cognitivos, psicomotores, afectivos, de comunicación, de atención... O

proceso baséase nun principio de globalización. Trátase pois dun proceso global de achegamento da realidade que se quere coñecer. Os contidos establecidos son tratados de forma global e interrelacionada coas tres áreas ou ámbitos de experiencia anteriormente nomeadas.

A ensinanza será activa. Darase tempo e ocasións a que o alumnado participe e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe utilizando estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

Unha das principais fontes da actividade nestas idades é o xogo polo que será necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade evitando a división entre xogo e traballo. Esta será a actividade principal favorecendo a elaboración e o desenvolvemento das estruturas de coñecemento, utilizándose para que o alumnado se relacione e para que aprendan da realidade que os rodea.

Un principio ligado ó da actividade é o de motivación, sendo necesario para que o alumnado se sinta atraído cara á aprendizaxe e moi importante neste punto a adecuación dos obxectivos, dos contidos e as actividades, respondendo ós seus intereses e que os métodos e recursos sexan atractivos e faciliten a aprendizaxe.

Atenderase tamén ó principio de socialización. Haberá que tratar de superar o egocentrismo, caracterizado nesta etapa. Para isto tratase de propoñer actividades en grupo onde o alumnado aprendan comportamentos, normas, así como a compartir, a respectar, a participar, en definitiva a relacionarse cos demais. Valorarase a participación o compañerismo, a axuda, o respecto cara ós demais... desenvolvendo, deste modo, a capacidade de relación, a súa autonomía e a súa independencia.

Non se pode esquecer que a interacción cos outros/as é un importante recurso que axuda no proceso social, afectivo e intelectual. Se debe favorecer espazos e materiais que axuden a crear un ambiente de xogo estimulante e que teña en conta as necesidades do alumnado. O traballo en grupo potenciará a participación e mellorará a capacidade de expresión, sendo un dos eixe principais para un bo desenvolvemento cognitivo e emocional.

Se agrupará o alumnado tendo en conta que se vaia a realizar, podendo ser:

- Gran grupo: apropiado para planificar conxuntamente as actividades, ler algún texto, facer visitas, distribuír tarefas ó comezo da clase, dar unha explicación xeral, realizar unha asemblea ou para introducir temas.
- Pequeno grupo: ideal para favorecer a interacción cooperativa e permite asignar a cada neno/a tarefas concretas de maneira que eu poida prestar as axudas necesarias. Serán agrupacións variables onde se inclúen as actividades por parellas.
- Traballo individual: é un bo recurso para a interacción máis específica xa que permite adecuar a ensinanza ó ritmo de cada neno/a e tamén realizar actividades que impliquen a consolidación de determinados contidos así como coñecer o grado de adquisición de aprendizaxe de cada un/unha na aula.
- Traballo cooperativo: axeitado para realizar actividades nas que participen en pequeno grupo e todo o alumnado. Desenvolveranse en momentos concretos para traballar os temas dos proxectos desenvolvidos.

ED. PRIMARIA:

- Implementar unha ensinanza comunicativa, inclusiva, activa e participativa.
- Aplicar as aprendizaxes en diferentes contextos da vida real.
- Implementar actividades heteroxéneas: de reforzo, de consolidación e de ampliación.
- Respectar os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo.
- Considerar os diferentes centros de interese fomentando os proxectos, o traballo colaborativo e cooperativo.
- Impulsar a tecnoloxía da competencia dixital nos procesos de ensinanza- aprendizaxe.

- Implementar actividades lúdicas, motivadoras e manipulativas no proceso de aprendizaxe.
- Ter en conta a diversidade do alumnado dándolle unha resposta axeitada ás necesidades educativas.
- Fomentar o hábito e o dominio da lectura así como o da comunicación, utilizando os diferentes tempos e espazos do centro. Implicar as familias neste proceso.
- Impartir de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, favorecendo que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.
- Utilizar as linguas oficiais só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. Priorizar a comprensión, a expresión e a interacción oral

ED. SECUNDARIA:

- Poñerese especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.
- Asentarase progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, teranse en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerase a capacidade de aprender por si mesmo, fomentarse o traballo colaborativo e en equipo, e potenciarase a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

- Realizaranse proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, organizarase a práctica docente de todas as materias de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria.
- Impartiranse de xeito integrado o currículo de todas as linguas, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.
- Utilizaranse as linguas oficiais só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

ED. INFANTIL:

Farese a selección que serva para desenvolver as capacidades afectivas, físicas e intelectuales do alumnado en función de:

- Os obxectivos que se plantexan na etapa
- As situacións educativas
- O nivel do desenvolvemento dos nenos/as
- As situacións/actividades que se desexa propiciar

Outros aspectos que terán en conta á hora de seleccionar o material son: a seguridade, a resistencia, a durabilidade, o manexo, a finalidade pedagóxica, que sexan motivadores e manipulativos.

Contarase con diversos materiais como:

Xogos educativos

Material impreso

Instrumentos musicais

Materiais de refugallo

Materiais sensoriais

Materiais instrumental (funxible e non funxible)

ED. PRIMARIA:

- Empregar materiais manipulativos dentro do posible.
- Implementar no proceso de ensinanza-aprendizaxe os recursos dixitais (REA, ordenadores, tablets, software).
- Utilizar na medida do posible materiais e recursos lúdicos.
- Expoñer os contidos con material da nosa contorna sempre que proceda.
- Achegar ao alumnado recursos persoais para satisfacer as necesidades educativas.
- Utilizar material auto-elaborado complementado cos recursos dixitalizados e os libros de texto.
- Dar resposta ás necesidades educativas do alumnado tendo en conta a nova lei de Atención á diversidade. (8 setembro do 2021)

ED. SECUNDARIA:

- Adecuación ó contexto educativo do centro.
- Presenza dos diferentes tipos de contidos e inclusión dos temas transversais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Os materiais e recursos didácticos deben cubrir os obxectivos do currículo para o nivel.
- Os obxectivos das actividades estarán claramente indicados.
- Os contidos dos recursos serán seleccionados en función dos obxectivos.
- A selección dos recursos está adecuada ó nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.
- Os materiais e recursos parten dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Deben asegurar a realización de aprendizaxes significativas.
- Deben despertar a motivación cara o estudo e a aprendizaxe.
- Presentan actividades de reforzo e de ampliación.
- Permiten a atención á diversidade.

- As informacións dos materiais e recursos serán exactas, actuais e cientificamente rigurosas.
- A linguaxe debe estar adaptada ao nivel.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

ED. PRIMARIA:

- Garantir unha educación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos/as e preparamos para cursar a Educación Secundaria Obrigatoria.
- Adecuar as respostas educativas ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- Impartir unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa.
- Potenciar un ensino plurilingüe.
- Desenvolver o pensamento creativo e cultivar valores e habilidades sociais.
- Impulsar a memoria, a imaxinación, a expresión corporal e a conciencia musical.
- Espertar a curiosidade do alumnado desenvolvendo a súa creatividade nun ambiente innovador.

ED. SECUNDARIA:

Tratarase de que as materias ofertadas nos últimos cursos da ESO abarquen as diversas opcións que ten o alumnado ao rematar a súa escolarización obrigatoria

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

ED. INFANTIL:

- Priorizar as saídas ao entorno, xa que permiten ao alumnado investigar e descubrir a realidade cercana tal e como é.
- Dar coherencia da saída ou actividade complementaria co desenvolvemento curricular para garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes.
- Recuperar coas actividades complementarias algunhas costumes da zona.
- Propiciar actividades que faciliten a convivencia entre ciclos.
- Participar en actividades propostas por entidades externas e estar receptivos a incorporación de novas propostas.
- Disfrutar e valorar as festividades do propio centro e da contorna.

ED. PRIMARIA:

- Implicar a todo o alumnado de N.E.E nestas actividades .
- Procurar que as actividades complementarias sexan multidisciplinares.

- Elixir as actividades que permitan a maior asistencia de alumnado e/ou interese curricular.
- Racionalizar o número de actividade ao ano en función do seu custo económico.
- Secuenciar as actividades por niveis evitando repetir as saídas ao mesmo sitio, excepto cando os obxectivos presentados sexan diferentes.
- Programar actividades para o alumnado que non asista as actividades complementarias.

ED. SECUNDARIA:

Tratarase de que as actividades complementarias profundicen no currículo establecido e axuden a conectar ao alumnado coa sociedade. Tendo en conta:

- A relación da actividade co noso proxecto educativo.
- A potencialidade educativa da actividade de cara a adquisición das competencias clave.
- O custo da actividade.
- A posibilidade de encontrar fontes de financiación.
- A realización ou non, o curso anterior ou anteriores, da mesma.
- As preferencias do alumnado.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Os plans de reforzo desenvolveranse seguindo o artigo 51 da orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención da diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia. Incluirá:

1. Identificación do alumnado.
2. Información relevante sobre a materia ou materias sen superar.
3. Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación de información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso realizárase atendendo ao artigo 52 da orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención da diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia. Incluirá:

1. Identificación do alumno ou da alumna.
2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
7. Acreditación da información á familia.

E terase en conta:

- Elaborar unha relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Analizar as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Planificar estratexias metodolóxicas que se empregarán para reforzar devantido alumnado.
- Empregar os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- Ofertar, de ser o caso, de medidas extraordinarias.
- Informar as familias das medidas adoptadas
- Facer un seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizar os axustes que procedan.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

ED. INFANTIL:

- A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.
- A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.
- O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da adecuación das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
- O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

- Igualmente, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, ademais da análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

ED. PRIMARIA:

- Valorar os procesos e os resultados da aprendizaxe do alumnado.
- Avaliar o exercicio da práctica docente.
- Establecer indicadores de logro nas programacións docentes.
- Garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a un procedemento de reclamación das calificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda.
- Aplicar as medidas axeitadas para que os procesos avaliativos se adapten ás circunstancias do alumnado N. E.A.E.
- Promover o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variado, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
- Prolongar un curso adicional da escolarización daquel alumnado que por circunstancias persoais ou necesidades especiais o requiran.
- Valorar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación e , no seu caso, os estándares de aprendizaxe.
- Establecer como referencia os obxectivos da A.C.S. para o alumnado para a que foron deseñadas.
- Avaliar ao alumnado de modo continuo e global.
- Establecer medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, no momento que se detecten as dificultades.
- Decidir sobre a promoción do alumnado, ao finalizar os curso de segundo, cuarto e sexto de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e o criterio do profesorado titor.
- Dotar dos apoios necesarios ao alumnado que promocioe con algunha área con calificación negativa.
- Aplicar a non promoción do alumnado, un ano máis baixo o criterio do equipo docente, con carácter excepcional, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe.
- Organizar un plan específico de reforzo para o alumnado que non promociona.
- Emitir un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a nos cursos de segundo e cuarto, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte ciclo.
- Elaborar un informe por parte de titor/a, ao finalizar a etapa de primaria sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias.
- Reflectir no informe final de etapa as adaptacións e medidas adoptadas do alumnado con necesidades educativas especiais, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa.
- Outorgar a mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. Esta proposta de ¿Mención honorífica¿ farase constar na acta de avaliación.

ED. SECUNDARIA:

AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das materias serán os criterios de avaliación que figuran nas programacións didácticas. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Igualmente, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

PROMOCIÓN

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes: a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición. c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte. d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá

superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planifícase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recollense nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realízase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do decreto de Educación Secundaria.

Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

TITULACIÓN

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes: a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquiriu as competencias establecidas no perfil de saída. c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderoa facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

ED. SECUNDARIA:

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total do alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Os criterios de desempate para a obtención da Matrícula de Honra se unha vez celebrada a sesión de avaliación final ordinaria de 4º ESO se producira un empate entre os alumnos /as que optan a cualificación de MH e non se puidese outorgar a mesma a todos eles polas restriccións establecidas (5% do alumnado matriculado no curso). En tal caso procederáase ao desempate seguindo os seguintes criterios:

- a) Maior nota media final do curso de 4º ESO.
- b) Maior nota media final dos cursos de 3º, 2º e 1º de ESO.
- c) Maior nota media en toda a etapa.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

EN TODAS AS ETAPAS:

1. Desenvolver o currículo mediante a elaboración das programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as directrices xerais establecidas nesta concreción curricular.

2. Elaborar as programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- As programacións didácticas das áreas inclúen os seguintes elementos:

- a) Introducción.
 - b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
 - c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área que se traballará.
 - d) Metodoloxía.
- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
 - f) Medidas de atención á diversidade.
 - g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
 - h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación
3. Realizar o seguimento das programacións didácticas de cada área ou ámbito, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.
4. Promover o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

- Promover dende o Centro a participación de todos os cursos e etapas nos diferentes proxectos, plans e programas ofertados e desenvolvidos dende a Consellería de Educación.
- Potenciar a educación do alumnado nos ámbitos nos que se detectan certas carencias e vea a necesidade de maior profundización.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Realizarase unha reunión anual do claustro onde se valorará se se acadaron os obxectivos e cales quedan pendentes de logro, e en base a iso faranse una avaliación das dificultades atopadas, propostas de mellora e as modificacións oportunas.